



Biografía
Día das letras galegas 2011

Seminario de Formación Permanente «Lois Pereiro»
Xulio Gallego Revaldería
Armando Xosé Herrero Mayor
M.^a Luísa Mosquera Seijo
Paz Santiso Andrade
Ana María Seijo López
Mario Ramón Suárez Hermida

Seminario de Formación Permanente «Material didáctico sobre Lois Pereiro»
María José Fernández de Sanmamed Maneiro
Magdalena Alonso Franco
Eva Raquel Guimarey Cedeira
M.^a Isabel Hortas González
M.^a Jesús Souto Pereira
María José Vidal Dopazo

Seminario de Formación Permanente «Lois Pereiro na Rede»
Ana Fernández Jonte
Vanessa Guimarey Cedeira
Manuel Paz Anido
Julio Pedrosa Moreno
José Antonio Picado Rodríguez
M.^a Belén Suárez Carballo

Asesoría pedagóxica CEFORE A Coruña
Xosé Antón Amil García
Maquetación e deseño gráfico
Manolo Paz Anido (www.edugaliza.org)

Colexios participantes
CEIP Galán, de Oseiro-Arteixo
CEIP Eusebio da Garda, da Coruña
CEIP Torrente Ballester, de Sigrás-Cambre
CEIP Luís Seoane, de Mera-Oleiros
CEIP Montel Touzet, da Coruña
CEIP Portofaro, do Temple-Cambre
CEIP Praia de Quenxe, de Corcubión
CEIP Virxe do Mar, de Narón
CEIP W. Fernández Flórez, de Cambre
CEI de Vilarrodriés, en Arteixo
CEIP San Xosé Obreiro, de Meicende, Arteixo
CEIP María Barbeito, da Coruña

Á Real Academia Galega, a Víctor Echave e a Xosé Manuel Pereiro pola súa colaboración e xenerosidade.

Edita
Seminario Permanente de Formación do Profesorado do CEIP de Galán,
Oseiro-Arteixo (A Coruña)
<http://www.seminariogalan.org>
ISBN -13: 978-84-694-1130-8



Aínda que a vida de Lois Pereiro aparece ligada á vila luguesa de Monforte de Lemos as súas orixes familiares sitúanse nas terras do Incio, na montaña de Lugo.

A familia paterna era a de orixe máis humilde, o seu avó Manuel traballou dende os sete anos e o seu irmán maior non tivo máis remedio que coller o mesmo camiño que un grande número de galegos e galegas e emigrar a Cuba.

Manuel, o avó, quedou en Galicia, e abriuse camiño como madeirista. Da súa unión con Pura Vila naceu un único fillo, Manuel, ao que mandaron a estudar Dereito a Madrid. Unha vez conseguido o título de avogado traballou unha tempada de pasante, aínda que rematou á fronte dun taller de cristalería en Monforte, no mesmo no que anos máis tarde, traballaría o seu fillo Lois.

A familia materna proviña de Santa Cristina de Viso, da vila luguesa do Incio, da chamada Casa Castelo, e era unha familia con máis solvencia económica.

Os avós maternos, Hermenegildo Pereiro e Balbina Pontón, tiveron tres fillos: Carmen, Inés e José Luis.

Ambas as dúas familias coincidían nas festas e había entre eles unha boa relación, consecuencia da cal foi o matrimonio, en 1955, de Manuel Sánchez e Inés Pereiro.

Inés conseguiu o título de profesora de primaria e exerceu, dende os dezoito anos, en aldeas da provincia de Lugo.

O matrimonio tivo tres fillos, Xosé Manuel, Lois e Inés.



O colexio da Compañía, en Monforte de Lemos.



A estación de Monforte de Lemos.

2

MONFORTE-MADRID

Luís Ángel Sánchez Pereiro naceu o 16 de febreiro de 1958, domingo de Entroido, en Monforte de Lemos, na mesma casa que construíra o seu avó Manuel a comezos dos anos cincuenta. Esta casa estaba situada a rentes do que antes fora o solar do Stadium do Lemos F.C., na estrada a Ourense.

O que sería coñecido como Lois Pereiro, era o segundo dos dous irmáns. Xosé Manuel nacera dezasete meses antes. Ambos os dous quedaron ao coidado de Emilia Expósito, unha muller que entrara na casa cando seu pai aínda estaba solteiro.

Os seus primeiros anos de vida pasaron entre Monforte, durante o curso escolar, e as aldeas dos avós en Reádigos e Santa Cristina no verán.

En 1975, Lois, con dezasete anos, marchou a Madrid para estudar na universidade a carreira de Socioloxía.

Pouco durou esta primeira experiencia madrileña para Lois, pois antes de rematar o primeiro trimestre do curso escolar, e aproveitando as vacacións que deran pola morte do ditador Francisco Franco, regresou a Monforte, poñéndose a traballar na cristalería de seu pai, e colocando vidros polas obras da contorna.

Un ano despois regresa a Madrid e matricúlase na Escola Oficial de Idiomas, onde estuda inglés, francés e alemán.

Son os anos da transición á democracia e Lois asiste a recitais, concertos, proxeccións na Filmoteca...

Nesa época coñeceu a artistas galegos como Reimundo e Antón Patiño, Manuel Rivas, Menchu Lamas.... Con eles, e co seu irmán



Lois Pereiro, á dereita, co seu irmán Xosé Manuel, nunha foto do colexio dos Escolapios, en Monforte de Lemos.

Arquivo familiar Sánchez Pereiro



Lois, xogando na sala da casa de Monforte.

Arquivo familiar Sánchez Pereiro

Xosé Manuel, crearon e editaron a revista *Loia*, da que só se publicaron catro números e estaba editada en fotocopias.

É a época das súas viaxes por Europa, visitando en tren Centroeuropa, Gran Bretaña e Irlanda.

Esta segunda etapa madrileña vai rematar traxicamente. No ano 1981 intoxícase pola inxesta de aceite adulterado, o aceite desnaturalizado de colza. Unha intoxicación que provoca a morte de máis de seiscentas persoas e a enfermidade de preto de vinte mil. Os primeiros meses son de desconcerto pois aínda se descoñece a orixe da enfermidade pero, unha vez diagnosticada e comezadas as sesións de rehabilitación, decide deixar Madrid e voltar definitivamente a Galicia.



Local onde se localizaba a cristalería familiar dos Sánchez Pereiro e na que traballou Lois á volta de Madrid.

Arquivo Seminario Galán

3

NA CORUÑA

Estableceuse na Coruña, na casa do seu irmán Xosé Manuel, na rúa Costa Rica, vivenda que compartirían coa súa irmá pequena, Inés.

Nesta época traballa esporadicamente en dobraxes e guións para a TVG e noutros programas audiovisuais experimentais.

A Agrupación Cultural O Facho, da Coruña, concédelle, o 19 de novembro de 1982, o primeiro premio do seu Concurso Nacional de Poesía. É o único premio literario que Lois vai conseguir ao longo da súa vida.

Nos anos 1984 e 1985 participa en dous libros colectivos, *De amor e desamor*, publicados por Edicións do Castro, de Sada. Este libros darán nome a toda unha xeración de poetas galegos, retratados de maneira xe-



En Valdeorras (Ourense), no verán de 1975.

Arquivo familiar Sánchez Pereiro

nial por Ricardo Carvalho Calero:

...

*Mostra de obriga e leda expresson de amizade
para os dez, como estades.*

*Em ringleira de frente despregados,
Dispostos á batalla: Palharés, Fernám Velho,
Mato Fondo, Valcárcel,
Ribas, Salinas Portugal, Pereiro,
Lino Brage, Xavier Seoane,
José Devesa, os dez da fama, os dez
dedos de Deus da Nosa Terra*

...

A poesía de Pereiro aparece na antoloxía *Después de la modernidad*, de Julia Barella, publicada no 1987, e man a man con Bernardo Atxaga, Casariego e Luis Alberto de Cuenca.




Na antoloxía *Después de la modernidad* aparece a poesía de Lois, xunto coa de Atxaga, Casariego, Cuenca...
Arquivo familiar Sánchez Pereiro

4

A OBRA

A súa primeira publicación en solitario non chegará ata maio de 1992. En *Poemas, 1981/1991*, recóllense corenta e dous poemas escritos durante o decenio 1981-1991 e o guión televisivo *Que é Galicia?*, que fora emitido pola TVG o 25 de xullo de 1988, e onde a través das vinte e sete letras do abecedario vai descubriendo as vinte e sete palabras que conforman o noso país.

O seu segundo libro, editado en decembro de 1995, leva un título que define perfectamente a temática dos poemas que o compoñen, *Poesía última de amor e enfermidade, 1992-1995*.




Cinco meses depois, o 24 de maio de 1996, falecía Lois nas dependencias do actual Hospital Universitario da Coruña.

Cumprindo o seu desexo, expresado nun recital poético celebrado a finais de xaneiro, foi enterrado, cos sons da marcha do Antigo Reino de Galicia, no cemiterio de Santa Cristina, no Incio, xunto co seu avó Hermenegildo e o seu tío materno Pepe.

O epitafio que figura na súa tumba é o mesmo co que remata *Poesía última de amor e enfermidade* e que fora escrito no outono de 1995:

Poderíanos escoller como epitafio

*Cuspídeme enriba cando pasedes
por diante do lugar no que eu repouse
enviándome unha húmida mensaxe
de vida e de furia necesaria.*



Poesía de amor e enfermidade, 1992-1995 foi o último libro editado en vida por Lois.

5

A REVISTA LOIA

A participación de Lois Pereiro na revista *Loia* prodúcese na súa segunda etapa madrileña, de volta do seu Monforte natal e cando decide estudar na Escola Oficial de Idiomas.

En Madrid coincide con outros universitarios galegos, Antón Patiño, Manuel Rivas, Menchu Lamas, Piedad Cabo, César Antonio Molina, Reimundo Patiño, Fermín Bouza...

Xunto con algúns deles e co seu irmán Xosé Manuel comparten sucesivos pisos, primeiro no barrio da Elipa, máis tarde na rúa Manuel Silvela e finalmente noutro do Paseo de Estremadura e, produto desa confraternidade, xorde a revista na que Lois publicará os



*Lois, na súa casa madrileña.
Arquivo familiar Sánchez Pereiro*


seus primeiros versos.

Loia era unha revista editada en galego, nos primeiros anos da transición á democracia. Imprimíase con fotocopias, utilizando as máquinas da vía pública que funcionaban con moedas.

Desta revista só se editaron catro números que constitúen todo un exemplo de poesía moderna.

A experiencia remata cando voltan para Galicia, despois de rematar os seus estudos universitarios Manuel Rivas e Xosé Manuel Pereiro.

Lois continúa un tempo máis en Madrid ata que resulta intoxicado polo aceite de colza desnaturalizado, o que nuns primeiros momentos se denomina «*pneumonía atípica*». A enfermidade aféctalle, adelgaza, perde forza e comeza a adquirir unha forte rixidez corporal, así que decide voltar a Galicia.




Da revista *Loia* só se editaron, en Madrid, catro números e nela apareceron os primeiros poemas de Lois.

6 LA NAVAL

Da man de seu irmán e doutros compañeiros incorpórase na Coruña ao consello de redacción da revista *La Naval*, onde chega a publicar varios artigos: «*Thomas Bernhard, o móvil do suicidio*»; «*Ezra Pound*», «*O frío edificado*» e «*Dandys eterómanos e infames: O vicio como luxo.*»

«*O vicio é coma un luxo para quen coñece os ósos do fracaso e o doce veneno do pesimismo, Duque de Freneuse ou Señor de Phocas, Lorrain, Barbey ou Villiers De L'île De Adam, bebendo éter entre morfinómanos de vicio nocturno e agulla de prata entre perfu-*



Lois Pereiro participou na publicación de *La Naval*, revista editada na Coruña.

mos vellos, degustando esa «luxuria en collares» nos límites dos Imperios do Mal.

Dexenerando sempre en decadencia, nomes propios de sabios esquecidos pola alquimia da súa literatura, tormentas interiores.»



(Dandys eterómanos e infames: O vicio como luxo)

7

LUZES DE GALIZA

Lois colaborou tamén na revista *Luzes de Galiza*, coa publicación de poemas e o ensaio «*Modesta preposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia*».

Esta revista estaba editada por Edicións do Castro e dirixida por Manuel Rivas, contando no seu Consello de Redacción con Lino Braxe, Antón Baamonde, Xosé Díaz, Miguel Anxo Murado, Xavier Seoane e Xulio Valcárcel.

«E situarse teoricamente é moi sinxelo: non hai máis que poñer un número do 1 ao 10, de esquerda á dereita, coma nas enquisas nas que con orgullo e seguridade sempre poñía un 1 ou un 2, tal vez, por non esaxerar, segundo o estado de ánimo ou o meu nivel de furia visceral e indignación; e nunca perdín despois de tantos anos esa necesidade de sentirme molesto e radical.»



Na Universidade Internacional Menéndez Pelayo, en Santander, do 11 ao 14 de agosto de 1986, realizouse un coloquio entre intelectuais, poetas e escritores baixo o título *Atlántico versus Mediterráneo*, no que intervéñ Lois Pereiro, nun dos escasos actos públicos nos que participou, por mor do seu carácter reservado e non moi dado ás adscripcións a grupos.

Nesta universidade prodúcese o chamado *Desembarco das Forzas Atroces do Noroeste*, unha chea de artistas galegos que amosan a súa obra, con exposicións de arte de Lamazares, Leiro, Menchu Lamas e Manolo Paz; concertos cos Resentidos e Siniestro Total; a estrea da obra de Antón Reixa *After-shave*; unha mesa redonda na que intervéñ Pereiro xunto con Juan Cueto, Fermín Bouza, Manolo Romón, Antonio Colinas, Luis Racionero e José Manuel Costa.

No acto inaugural interpretouse unha proposta para un novo himno galego, con música de Siniestro Total e baseado no poema *Galicia, gran carallo de sal*, con letra de Manolo Romón.

Nas xornadas preséntanse unhas propostas para a renovación da bandeira galega, cuns deseños novedosos e máis rechamantes.

Nunha crónica publicada en *La Vanguardia*, o 14 de agosto de 1986, afirmábase que Lois Pereiro chegara a proclamar en Santander, no marco da UIMP, a morte da cultura mediterránea á que xa resultaba imposible resucitar.



Proposta de Tono Carbajo para unha nova bandeira galega. Este boceto foi presentado na UIMP de Santander, nos actos do *Desembarco das Forzas Atroces do Noroeste*.



O Pazo da Magdalena, sé da UIMP en Santander.

9

EN SOLITARIO


Poemas, 1981/1991 é o primeiro libro editado en solitario por Lois. Publícase en maio de 1992 e nel recompílanse os poemas escritos nos dez anos que se recollen no título. O deseño gráfico é de Fausto C. Isorna e nesta edición destaca a súa sobriedade. Non aparece ningunha foto nin gráfico nas súas noventa e tres páxinas.

O seu segundo libro *Poesía última de amor e enfermidade, 1992-1995* recolle os poemas escritos nos seus últimos catro anos de vida. Este libro ten unha estrutura cronolóxica, dividida en tres partes: a primeira, de 1992 a 1994, coincidindo cunha recaída que case o leva á morte; unha segunda parte adicada ao amor e as súas ganas de aproveitar o tempo que lle escapa das mans e por último, a parte final, que é unha especie de sortilexio para fuxir da morte.

Ana Romaní define este libro como a historia dunha recuperación a través do amor e da palabra, a dun camiño de volta dende o inferno cara a vida.



Coa súa irmá Inés, na Coruña
Arquivo familiar Sánchez Pereiro



Ex libris de Lois Pereiro

10 POEMAS PARA UNHA LOIA

Esta serie de poemas, agrupados baixo o título *Poemas para unha loia* foron escritos por Pereiro na súa última adolescencia e apareceron publicados na revista *Loia*, editada en Madrid, entre os anos 1975 e 1978. É a súa

obra póstuma e na portada, deseño de Perfecto A. Estévez, inclúese unha foto dos seus avós paternos, Pura Vila e Manuel Sánchez, con Manuel, o pai de Lois.

Tamén se inclúe nesta obra o ensaio titulado «*Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal*», que aparecera publicado no número 27 da revista *Luzes de Galiza*, en 1996, sendo a última publicación efectuada en vida de Lois.


Este volume está prologado por Manuel Rivas e inclúe unha breve xustificación do poeta Manuel María que explica de maneira moi sinxela e clara a poesía e a obra de Lois:

«A LOIA, laverca ou cotovía é un paxaro amigo do ar libre e das paisaxes montesías que canta na gloria das mañás. Os casteláns chámanlle alondra. LOIA foi unha revista galega minoritaria, artesanal e fotocopiada que uns estudantes galegos tiraron en Madrid dos anos 1975 ó 1978. Saíron catro números. O seu esforzo, como o da colección de poesía *Brais Pinto*, o seu inmediato antecedente, non se perdeu. Entre os entón mozos que facían LOIA estaba Lois Pereiro. Por eso nós, nesta sinxela e moi sentida homenaxe, rescataremos os poemas que Lois Pereiro publicou en LOIA para ir recollendo a súa obra espallada pois cómpre ir cavilando en facer unha edición completa da súa poesía, tan orixinal e suxerente.

Atrevémonos a titular este volume, breve e intenso como a rosa, *Poemas para unha Loia* en lembranza da revista LOIA. E tamén porque estas primeiras composicións de Lois Pereiro teñen a gracia, o asombro, a liberdade e a fermosura do canto da loia nos días da primavera cando a terra é luz e promesa. Monforte de Lemos, Galiza, o mundo precisa dos poetas e da poesía para que todo vaia mellor. Porque, amamos a Monforte de Le-



Páxina interior da revista Loia co poema de Lois «*Señora posesa*».



No libro póstumo *Poemas para unha loia* recóllense as poesías publicadas por Lois na revista *Loia*.

mos, a Galiza, ó universo enteiro, á vida, a Poesía e a Lois Pereiro recuperamos parte da súa mensaxe, máxica e namorada, que sempre estará en nós -e con nós- e cos que nos sucedan no tempo. A obra dun poeta non morre porque é fonte de amor e vida. Lois Pereiro, foi un poeta auténtico. Precisámolo. A cidade de Monforte de Lemos, onde el naceu e que tanto amou, non anda sobrada de Poesía e de poetas, tamén o precisa. Faille falta a súa palabra verdadeira, estremecida e irrenunciábel para que lle axude a abrir os seus ollos, dunha vez para sempre, á luz, á esperanza e á beleza.»



Lois co poeta Manuel María na presentación do seu libro *Poemas de amor e enfermidade*, en Lugo, 1996. Arquivo familiar Sánchez Pereiro

11

A VIDA E A FURIA

Na primavera de 1997 publícase un monográfico da revista *Luzes de Galiza*, o número 28, adicado integramente a Lois Pereiro. O exemplar leva por título *A vida e a furia* e nel inclúense oito capítulos da súa obra inacabada *Náufragos no paradiso*, o poema «*Edinburg, Edinburg*» e tres fotografías, na contraportada, do seu álbum familiar.

O exemplar conta con colaboracións do seu director Manuel Rivas, Suso de Toro, John Berger, Fermín Bouza, Xurxo Souto... e fotografías de Xurxo Lobato e Vari Caramés.

«A poesía de Lois tiña un fulgor de noite da alma urbana, e nacía da experiencia viva do autor, dos seus recunchos sensitivos onde tremaba un xove ferido pola doenza física e pola doenza da modernidade, ese xogo de sombras e de espellos que nos envolve nas imaxes podrecidas dun tempo sucio.»

«Chove sobre mollado». Fermín Bouza



Luzes de Galiza, revista da que Lois foi colaborador, adicoulle un número especial, o 28, por mor do seu pasamento.

O grupo musical Radio Océano foi creado no ano 1981 polo irmán de Lois, Xosé Manuel Pereiro e polo xornalista Santiago Romero. Algúns dos seus compoñentes escolleron nomes artísticos orixinais: Xosé Manuel facíase chamar *Johnny Rotring*; Santiago, Rossmero; Pablo Iglesias, *Renato 414*; Sito Evangelista, *Sitdown...*

Formaron parte da chamada movida galega, xunto con Siniestro Total e Os Resentidos, converténdose nun dos referentes da música rock galega.


No ano 1984 gravaron en Lisboa unha maqueta na que se incluía o poema *Narcisismo*, da autoría de Lois Pereiro.

Ao ano seguinte, despois de gañar un concurso organizado por Radio Nacional de España, conseguen gravar, en Madrid, o seu único LP, que leva por título *Nin falta que fai* e que está composto por dez cancións de diferentes estilos musicais e con grandes doses de humor.

Este disco está considerado como unha peza fundamental na historia do rock galego.

O grupo dissolveuse en 1988.

Outros grupos seguiron utilizando a poesía de Lois para as súas composicións, Fanny+Alexander, no 2007; Nación Reixa, en 1997; Alexandro González con Uxía Senlle, en 2010; Manu Clavijo, musicando os poemas «*En Leonberg*» e «*Outro poema de amor*».



En *Safari Mental*, Reixa inclúe o poema «*Poderíano escoller como epítifo*», de Lois Pereiro.



Alexandro González e Uxía Senlle musicaron o poema de Lois «*Contra a morte o amor que vai comigo*».

O coñecido como caso da *síndrome tóxica* non foi, nin máis nin menos, que un envelenamento masivo producido polo desvío de varias partidas de aceite de colza para o consumo humano. Un aceite que estaba destinado exclusivamente a usos industriais.

Esta síndrome afectou a miles de persoas, sobre todo de Madrid e localidades próximas de Castela-A Mancha e Castela-León. Houbo un total de 650 falecidos e 20.000 persoas afectadas.

A intoxicación polo consumo de aceite de colza pasa por ser a maior traxedia sanitaria da España contemporánea.

A primeira vítima oficial foi un neno de Torrejón de Ardoz, en Madrid, o primeiro de maio de 1981 e nos catro primeiros meses dende a súa aparición xa se contabilizaban 129 mortes e 12.000 afectados.


Nun primeiro momento esta intoxicación foi confundida pola *enfermidade do lexionario* e máis tarde foi denominada «*pneumonía atípica*». O ministro de Sanidade, da UCD e deputado galego por Pontevedra, Jesús Sancho Rof, chegou a afirmar que o axente produtor do mal era «*un bichito do que coñecemos o nome e o primeiro apelido, e é tan pequeno que se cae da mesa, mátase*». Era a escenificación do despiste que tiñan as autoridades sanitarias da época sobre o mal, a súa orixe e o seu tratamento. Sancho Rof, foi cesado nese mesmo ano de 1981.

Co paso do tempo foise descubriendo o fío común de todos os afectados, o consumo de aceite de colza. Retiráronse da circula-



Lois, en 1979.


Arquivo familiar Sánchez Pereiro



Antón Patiño, en *Lois Pereiro. Radiografía do abismo* ofrécenos unha visión moi completa da súa vida e do seu mundo creativo.

ción máis de catro millóns de litros de aceite adulterado e os trinta e sete aceiteiros acusados pola introducción no mercado alimentario deste aceite foron condenados, polo Tribunal Supremo, a penas de cadea e ao pago de indemnizacións millonarias ás vítimas e aos seus familiares. O problema é que estes non dispuñan de suficiente capital para facer fronte ás indemnizacións polo que o Estado, despois de que fora declarado responsable civil, se fixo cargo destas indemnizacións. Así, despois de 18 anos e do paso de tres gobernos de signo diferente, UCD, PSOE e PP, promulgouse o Real Decreto polo que se autorizaba aos herdeiros dos falecidos e ao resto de afectados superviventes ao cobro das indemnizacións estipuladas pola xustiza.

Un 24 de maio de 1996, o mesmo día no que se facía pública a sentenza do *aceite de colza*, falecía no antigo hospital Juan Canalejo da Coruña, un dos afectados galegos do envelenamento masivo, o poeta Lois Pereiro.



No 2010 editouse unha fotobiografía sonora sobre a figura e a obra de Lois Pereiro, na que se recollen fotos, entrevistas e temas musicais cos seus poemas.


REMORSOS

A néboa en Monforte fumadora de opio
é a nai de siluetas furtivas
e saúdo ó perigo que brilla
na face escura dos teus soños
a verquer nas veas a bágoa fatal.

E triste non dorme no fondo dos ollos
medrando no reflexo eterno
dos corpos afogados profecías
cando baño a navalla destas artes
no sangue doutro drama que se acolle
no refuxio da túa arte máis lene
coma unha man esférica que acepta.

«Eu son un deus sensual»
e cando cae o sol
fustrigo á beleza no mesmo cabalo.

(Poemas, 1981/1991)



O río Cabe ao seu paso baixo a ponte romana de Monforte de Lemos (Lugo)

DENDE A SUPERFICIE DUN NOVO E IMPREVISTO SALVAMENTO

Sería a luz que me alagaba os ollos
da vida roubada á morte veciña
pero todos me apalpaban incrédulos
colléndome das mans.
Todos aqueles que me amaran morto
amábanme máis vivo.

Abríranse dúas portas en direccións opostas
e escollín a que se abría cara á vida
co sol entrando a eito polas fiestras.
Tería que reanudarme
e regresar á miña propia vida
sen contaxiarme outra vez de min mesmo.
Retocaría o guión
e mudaría outra vez de personaxe
retomando a perda
aprendizaxe.

(Poesía última de amor e enfermidade, 1992-1995, nadal 94)



Lois Pereiro, en primeiro plano, seguido do seu irmán Xosé Manuel.
Arquivo familiar Sánchez Pereiro

EN LEONBERG

«*Bid adieu, adieu, adieu.
Bid adieu to girlish days*»
J. JOYCE
(Chamber music, XI)

ABURRIDO

un olor a café
na indiferencia de Praga.
Prumas na cabeza, verde artificial.
Unha entrada excitante
para un xogo final de namorados.

Un tenor azul canta o turno da pasión cando
cae o único inocente.

Sobre o fondo exipcio
a testa ladeada, de perfil.

(Poemas para unha loia)



Lois Pereiro nun café da cidade alemá de Heidelberg, en 1992.
Arquivo familiar Sánchez Pereiro

A estrada facíase cobra, cravando o ventre nos montes que medraban ó pé doutros máis outos. A luz desfeita en refrexos e o ceo sen forma, sen ollos vixiaban.

-Contigo,- dixo Bernal- síntome soio. Disposto a todo. Iste día fainos únicos, tras dos muros invisíbeis deste día, dista viaxe. Ademais, agora, sinto a miña parte estúpida, a miña porción fresca de ridículo, sen vergonza, disposto a aumentala.


Ela riuse. Tamén era conscente da súa parte de estupidez, tan necesaria, tan fresca. Ás veces, todo un día, por moito tempo, podía sentirse estúpida. Aliviaba.

Bernal boquexou, e sentiu necesidade de berrar o nome de Mimsi: «Annalisa, Annalisa, Annalisa!!!!...» Subiu o volume de música: cambiaba o sangue, o grupo e o Rh.

-Mais a crave desa necesidade de estupidez é que sabemos que nono somos. Dámonos conta do límite -dixo Mimsi, sorrindo.

Un coello cruzou a estrada diante diles, coma unha visión.

-A morte!! -berrou Bernal. E os dous riron.



O torreón do castelo de Monforte.

1958

Nace, o 16 de febreiro, Lois Pereiro en Monforte de Lemos, Lugo.

1975

Marcha a Madrid para estudar Socioloxía.

1975

Volta, a finais de ano, a Monforte e traballa na cristalería familiar, colocando vidros polas obras.

1976

Regresa a Madrid a estudar inglés, francés e alemán, na Escola Oficial de Idiomas. Participa na revista galega *Loía*, editada artesanalmente por estudantes galegos en Madrid.

1981

Intoxícase coa inxesta de aceite de colza desnaturalizado.

1982

Gaña o premio de Poesía da Agrupación O Facho, da Coruña.

1984

Participa no libro colectivo *De amor e desamor I*.

1985

Comeza a súa colaboración en *La Naval*, coa publicación dun texto adicado ao polígono coruñés de Elviña, «*O frío edificado*».

1985

Participa no segundo libro colectivo *De amor e desamor II*.

1986

Participa na UIMP, de Santander, no *Desembarco das Forzas Atroces do Noroeste*.

1987

Aparece a súa poesía na antoloxía *Después de la modernidad*.

1987

Emítese na TVG ,o 25 de xullo, o programa *Que é Galicia?*, cun guión da súa autoría.

1992

Publica o seu primeiro libro en solitario *Poemas, 1981/1991*.

1994

Sufre unha forte recaída no seu estado de saúde.

1995

Publícase o seu segundo libro *Poesía última de amor e enfermidade, 1992-1995*.

1996

Dá, no mes de xaneiro, o seu último recital poético.

1996

Falece, o 24 de maio, na cidade da Coruña.

1997

Edítase *Poemas para unha loia*, o seu libro póstumo e no que se recollen as súas poesías publicadas na revista *Loia* e o texto en prosa «*Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal.*»

2011

A Real Academia Galega adícalle o Día das Letras.



Lois Pereiro en Madrid, en 1980
Arquivo familiar Sánchez Pereiro